

13

- ● ● ● ● EXPRESIÓN VERBAL
- ● ● ● ● EXPRESIÓN CORPORAL
- ● ● ● ● CREATIVIDADE
- ● ● ● ● VOCABULARIO
- ● ● ● ● ESCOITA ACTIVA
- ● ● ● ● TRABALLO EN GRUPO
- ● ● ● ● DIFICULTADE

7 ou máis participantes
15 minutos

Xogo de roda

Expresividade Verbal. Axilidade mental. escoita activa

PASAR A FRONTEIRA

MATERIAIS

Non precisa materiais.

ESPAZO

Espazo para estar sentados/as en roda.

DESCRIPCIÓN

A este xogo pódese xogar en infinitude de momentos informais, só mentres haxa algunha persoa que non o coñece. O obxecto do xogo é adiviñar en que consiste “pasar a fronteira”, que evidentemente é unha regra non explícita que domina quen coñece o xogo. En roda, as persoas van dicindo “eu vou pasar a fronteira con...” e a persoa que lidera o xogo irá dicindo se se pode ou non pasar a fronteira desa maneira. A medida que máis persoas van descubriendo o truco, máis persoas van afirmando ou denegando pasar a fronteira. A clave debe ser sinxela (características físicas, indumentaria ou outras da persoa que estea inmediatamente á esquerda na roda). O truco non se explica, descóbrese. E demóstrase que se descobre a base de non errar nas respostas.

